

de Unamuno en la que ella le revela su fuerte nacionalismo, posteriormente asociado con el franquismo. También en esta última parte del libro, se hace hincapié en que el apoyo de Casanova a Franco estaba condicionado por sus vivencias en Polonia y Rusia pues, lo veía “como salvador, capaz de evitar el advenimiento de un régimen como el ruso, al que ella detestaba” (p.160).

*Vida e tempo de Sofía Casanova (1861-1958)*, es un texto que merece la atención del pueblo español y gallego por su valor documental y el carácter exhaustivo y riguroso de los artículos que lo componen. Su aporte a la cultura es doble ya que al tiempo de rescatar la figura de una escritora e intelectual gallega olvidada, proporciona una invitación a la lectura de sus obras y un acercamiento teórico a las mismas.

Constanza MANRÍQUEZ BERGENFREID

PEREIRO, Lois: *Conversa Ultramarina* (2010). Santiago de Compostela, Edicións Positivas, 118 pp.

Perturbador, brillante, apaixonado, irónico... son os adxectivos que me veñen á cabeza tras a lectura deste diario íntimo e último de Lois Pereiro.

Ignorado durante moito tempo polo sistema literario galego, este ano Lois Pereiro converteuse no centro de todas as miradas por mor da súa escolla como autor homenaxeado no día das Letras Galegas.

E é agora, neste momento no que o poeta monfortino está na boca de todos, cando a que fora a súa moza, amiga e confidente, a xornalista Piedad Rodríguez Cabo, quixo darlle a el a palabra sacando á luz este diario-carta que o poeta lle escribira meses antes da súa morte, entre marzo e xuño de 1995, mentres ela estaba a estudar en San Francisco.

O texto, que vén da man de Edicións Positivas, a editorial na que Lois publicou os seus dous únicos libros en vida: *Poemas 1981/1991* (1992) e *Poesía última de amor e enfermidade* (1995), foi editado con gran coidado por Hugo Martínez, quen, como anuncia el mesmo na súa nota introdutoria, procurou intervir sobre o texto o estritamente necesario, respectando o máximo posible o orixinal.

Deste xeito chega ás nosas mans esta peza fundamental para entender a Lois Pereiro, unha ventá aberta ao seu mundo, no que conviven con total naturalidade textos en galego e castelán con fragmentos en inglés, alemán e francés. Esta edición, ademais, intercala no texto as dúas cartas manuscritas de Lois para Piedad que acompañaban os dous envíos nos que o autor lle fixo chegar o diario e nas que se atopan as chaves para entrar de cheo nesta obra. Un texto íntimo que constitúe a achega máis sincera e conmovedora ao home e ao poeta.

María Asunción CANAL COVELO

PEREIRO, Lois (2010): *Poemas 1981/1991*. Santiago de Compostela: Positivas, 93 pp.; *Poesía última de amor e enfermidade*. Santiago de Compostela: Positivas, 2010, 105 pp.

“Cuspídeme enriba cando pasedes/por diante do lugar no que eu repouse/enviándome unha húmida mensaxe/de vida e de furia necesaria”. Diría que mentres Lois Pereiro escribía o seu epitafio –un poema que non só pecha o libro *Poesía última de amor e enfermidade*, senón toda escritura que o autor deu a coñecer en vida– a súa esixencia de vida era real. Imaxino que tomou este poema como outra forma de berrar, coa ironía trágica tan propia do seu pensamento. Imaxino a Lois reclamando a “furia necesaria” e precisada polas súas mans urxentes de escritura, e imaxino tamén a doazón frustrada, e a enerxía consumíndose nuns ollos desmontados pola dor de Bernhard, polo frío Celan, polo ameazante coitelo de Bukowski. De calquera forma (e isto é real), o que leo é un poema feliz. Un repouso despois de tantos incendios.

A Lois Pereiro incendiouno o amor e non tanto a vida, a enfermidade e non tanto a morte, a Beleza como única política adecuada ó seu imparabile pulo estético. Publicou dous libros de poemas (dous): o primeiro en 1992, o segundo en 1995, ambos reeditados por Positivas co gallo das Letras galegas. Ó primeiro deulle o nome de *Poemas 1981/1991*: hai pouco escoitei a un escritor que, fascinado por un título tan elemental, comparaba a decisión do poeta con algunhas das tomadas por Leonard Cohen ó bautiza-los seus discos. Lois puido ser sinxelo, pero a súa aposta pola transparencia ten o punto vaidoso de quen disfraza a súa primeira publicación de antoloxía. Modestia? Tamén era “modesta” a súa *Modesta proposición...*, e a intransixencia estética que amosa este ensaio fixo que moitos o tomaran por un ideario. O segundo libro leva o nome de *Poesía última de amor e enfermidade*. Poesía última (profecía, rendición) de amor (de vida) e enfermidade (que non morte). O segundo libro, formulado como diálogo explícito entre o poeta e as súas referencias literarias, converte os poemas en glosas doutros libros e ten algo de xogo coa eternidade, de mirada vella e conforme, de balance ou de aprendizaxe.

O primeiro libro de Lois Pereiro é escuro; musicalmente ten o son dunha fábrica, afiado e metálico. Soa como soaría un golpe de martelo nun hangar, e avanza nunha cadencia industrial que acumula impresións apresuradas. A sonoridade do segundo funciona doutro xeito: está inventada noutro lugar. Se o primeiro era un libro negro, o segundo sería branco, do branco que simboliza o túnel que talvez os moribundos ven antes de morrer, ese branco no que recoñecen a última (¿a última?) luz. O primeiro libro fálalle a unha morte próxima pero descoñecida, situada no futuro. Alí a morte é ameaza. O segundo sitúa a morte no pasado, fai dela un recordo discutido que o poeta habita e abandona. Un lugar ó que aquel sospeita pertencer, e tamén unha com-

pañeira que lle permite ir máis alá da vida, dunha vida que é agora o espazo da dor, a metade perigosa do camiño: “debe ser que estou morto/e esa sería a causa/de que agora me vexa desde enriba/a catro ou cinco metros de distancia/da miña propia vida”. Esta cor coa que se pinta a morte é o elemento que fai do primeiro un libro triste –a tristeza do condenado que se rebela contra a fronteira debuxada polo pelotón de fusilamento– e do segundo un libro feliz, dunha felicidade un tanto estoica, dunha felicidade retirada e plena.

E tamén por iso o poema que pecha o segundo libro, aqueles versos de epitafio cos que arrancaban estas liñas, é tamén feliz. Un poema que non lle fala á morte temida, nin á morte burlada, nin á morte como experiencia ou como refuxio. Un poema no que a morte é o mesmo poeta, que coa súa voz nos recorda que a vida permanece no reclamo que palpita en cada palabra.

Erea FERNÁNDEZ FOLGUEIRAS

R. LANG, Henry (2010): *Cancioneiro d'el Rei Dom Denis e Estudos Dispersos* (edición de Lênia Márcia Mongelli e Yara Frateschi Vieira). Niterói: Editora da UFF (Coleção Estante Medieval, 6), Brasil, 623 pp.

El volumen ante el que nos encontramos es una compilación de diferentes artículos del romanista Henry R. Lang (1853-1934), entre los que podemos encontrar una recensión sobre el *Cancionero Ajuda* (1908), sacado a la luz por Carolina Michaëlis de Vasconcelos en 1904, y la mayor y más importante investigación realizada por Lang, que le introdujo en la comunidad romanística, el *Cancioneiro d'el Rei Dom Denis*. Además de ello se han recopilado otros once artículos del autor. En la lectura de esta obra no debemos perder de vista que los trabajos del suizo Lang datan de finales del XIX y principios de XX, momento en el que el estudio de la literatura trovadoresca estaba en auge, por el interés que suscitaba y las consecuentes aportaciones.

Las editoras, Lênia Márcia Mongelli y Yara Frateschi Vieira, al presentarnos esta recopilación de estudios, colocan a nuestro alcance el cuidadoso trabajo, relativo a la literatura galego-portuguesa de Henry R. Lang. Como ellas mismas escriben en la *Presentación*, la idea de editar los diferentes trabajos de Lang la toman de un artículo de Rodrigues Lapa (vid. ix), en el que se dice:

Os trabalhos de Lang são pois dum altíssimo valor para quem queira investigar as antigas línguas e literaturas portuguesa e espanhola. Pena é que muitos estejam dispersos em revistas e outras publicações de difícil e dispendioso acesso. Seria óptimo que, pelo menos no que respeita à filologia portuguesa, os seus trabalhos avulsos fôssem reunidos e traduzidos em volume.

Por lo que las editoras siguiendo la sugestión de R. Lapa, se deciden a poner orden a los diferentes y dispersos estudios de Lang para que los lectores puedan acceder fácilmente a diferentes aspectos de la poesía lírica galego-portuguesa. La obra, escrita íntegramente en portugués, se abre con una gran introducción realizada por las editoras. En ella se nos glosa lo que vamos a encontrar posteriormente, centrándose principalmente en cómo Lang recopiló los diversos documentos para finalmente poder sacar a la luz el *Cancioneiro d'el Rei Dom Denis*. En esta *Introducción* se dan al lector todas las pistas necesarias para poder comprender, sin ninguna dificultad, la forma de proceder de Lang a la hora de cotejar los diferentes documentos usados en la composición de su obra, lo que produce que la lectura posterior de la obra sea amena y sencilla. Tras este primer acercamiento a los trabajos de Lang, las editoras transcriben diferentes cartas (xxiii - xlix), recibidas y enviadas por Lang, de estudiosos tan ilustres como: Ernesto Monaci, Carolina Michaëlis de Vasconcelos y José Leite de Vasconcelos. En ellas podemos apreciar un intercambio intelectual, ya que hablan no sólo de sus propios artículos, sino también de las novedades de la época, en cuanto al panorama filológico se refiere, aspecto que para el lector actual resulta enriquecedor.

Si nos centramos en los escritos propios de Lang, el primer texto que se va a presentar es el *Cancioneiro d'el Rei Dom Denis*, (*Pela primeira vez editado integralmente, com introdução, notas e glossário por Henry R. Lang*), fruto de un intenso trabajo; Lang para la creación de esta obra hubo de recoger la producción completa del Rey don Dinis, además de todo lo que pudo encontrar disperso en diferentes publicaciones; así ofrece finalmente una edición crítica, en la que la reconstrucción de los textos la realizó a través del cotejo riguroso. Comienza con una extensa Introducción de corte histórico, con la que acerca al lector a los orígenes de la literatura trovadoresca (lx – lxix) y sitúa a los trovadores en su medio (lxxii – lxxxvii), además de ofrecer detalles sobre las diferentes cortes peninsulares en las que la lírica galego-portuguesa sufrió un gran florecimiento, haciendo hincapié en la figura de Don Dinis, “[...] através de Dinis firmou-se pela primeira vez o cultivo consciente do português e sua utilização como língua de chancelaria e de literatura.” (lxxxiv). Este extenso apartado aporta diferentes ideas para reflexión de los lectores más avezados e induce a los principiantes a estudiar con más detenimiento los diferentes temas que se presentan. Todo ello resulta imprescindible para comprender la naturaleza más íntima de las diferentes cantigas que se transcriben posteriormente, que irán anotadas cuidadosamente, acompañadas de un glosario y un intenso estudio formal. Aunque en primera instancia, y antes de ofrecer las cantigas, Lang realiza un estudio general sobre ellas (lxxxvii - clxxvi), dividiéndolas en tres grandes grupos: de amor, de amigo y de escarnio y maldezir; haciendo un análisis sobre su naturaleza, tema, lenguaje, estilo,... A continuación presenta la